

ti decides!

[Contrato coa
Cidadanía Galega]

Compromisos | alianzas | urgencias

1. UNHA MAREA CIDADÁ PARA UN TEMPO NOVO

- 1.1. De 15M a 15M, pasando polo 8M: mulleres e mocidade á fronte
- 1.2. Novo horizonte democrático, verde e xusto
- 1.3. Frear a involución democrática para non volver ao modelo político dos que “non nos representa”
- 1.4. Galicia precisa de ter voz clara dun proxecto nacional, transversal, sen ataduras externas nin limitacións internas
- 1.5. Frear á dereita pasa por maiorías plurais progresistas coa participación activa da cidadanía galega
- 1.6. Un proxecto cunha proposta para un estado [en tránsito] pensada desde Galicia
- 1.7. Un ciclo electoral para vertebrar a alternativa ao PP de Feijóo

2. LIÑAS BÁSICAS PARA A OFERTA ELECTORAL DE EN MAREA

2.1. CARTA DE COMPROMISOS PARA O CONTRATO DE EN MAREA COA SOCIEDADE

- a) Coa ética e o rexeneracionismo político
- b) Na escoita activa coa cidadanía e o diálogo político
- c) Cos máis vulnerables e a maioría traballadora
- d) Cos dereitos das mulleres na contenda feminista
- e) Coa mocidade que non renuncia ao seu futuro
- f) En defensa de Galicia e o seu papel na reconfiguración do estado

2.2. ALIANZAS PARA AVANZAR NO CAMBIO REAL

- a) Para unha maioría de progreso
- b) O tránsito cara a unha nova democracia
- c) Crear a alternativa galega por, para e con o pobo

2.3. PROGRAMA DE URXENCIAS PARA GALICIA

a) Un estado social con ampliación de dereitos.

- Xustiza Social: Políticas sociais básicas.
- Igualdade real: Un país de todas e para todas.
- Fiscalidade xusta, solidaria e redistributiva.
- Por unha vida plena. Traballo digno e Renda Básica.
- Políticas Sociais: servizos públicos para todas.
- Educación como investimento de futuro.
- Por unha sanidade pública, universal e gratuíta.
- Dereito a unha vivenda digna.
- Dereitos para a mocidade
- Dereitos LGTBI+

b) Defensa dos recursos e do ben común.

- Por unha economía produtiva e unha nova política industrial verde.
- A riqueza do pequeno e do noso: colectivo autónomo, cooperativistas, pequena empresa e comercio de proximidade.
- Por un rural vivo.
- Enerxía para vivir. Limpa, renovable e sen expolio.
- Xustiza ecolóxica. O reto de reverter o cambio climático.
- Harmonía coa natureza e benestar animal.
- Vertebración territorial interior e comunicación de Galicia co mundo.

c) Rexeneración democrática. Liberdades públicas.

- Dereitos humanos. Cidadanía libre. Igualdade sen exclusións.
- Administración aberta, control democrático e eliminación da corrupción.
- Por unha xustiza xusta e accesible a todas.
- Democracia cultural e dereito á información..

d) Soberanía cidadá. Plurinacionalidade e modelo de Estado.

- Un novo modelo de Estado desde Galicia
- Tomar o mando no Estado: plurinacionalidade e pluriculturalidade.

e) Política exterior.

- Política de paz, xustiza global e cooperación para o desenvolvemento.

Compromisos | alianzas | urgencias

1. UNHA MAREA CIDADÁ PARA UN TEMPO NOVO

Para moitos cidadáns **existe unha certa fartura dun periplo político que pasou por diferentes fases**: indignación polo estado de corrupción xeneralizada; ilusión arredor da posibilidade de vertebrar un marco discursivo diferente ao ofrecido polo bipartidismo durante máis de tres décadas; frustración ao observar como froito de maximalismos estériles e unha ambición desmedida se repetían as eleccións e instalábase, desde a minoría, a corrupción e os recortes; expectativa diante dunha moción de censura que chegaba tarde e sen un programa político claro; e por último, unha terceira repetición electoral en menos de tres anos.

Por iso, máis alá da valoración que en termos de contenda social poidamos ter, desde as forzas progresistas, do que se xoga nestas eleccións, non deberíamos perder de vista que estas eleccións prodúcense nun momento de forte fatiga cidadá e son interpretadas, por unha parte importante do electorado, como unha oportunidade para desbloquear unha situación que esta enquistada hai moito tempo.

1.1. De 15M a 15M, pasando polo 8M: mulleres e mocidade á fronte

En 2011 milleiros de persoas saíron á rúa asfixiados polo inicio dun proceso de precarización das súas condicións de vida.

En 2019 milleiros de persoas volveron a ocupar as prazas preocupados pola pasividade con que os gobernos abordan os retos que pon enriba da axenda a mudanza climática.

Se o 15M [2011] puxo de releve que o modelo político estaba esgotado e **necesitábamos unha nova democracia**; o 15M [2019] sitúanos diante do reto do esgotamento dun modelo enerxético e produtivo sustentado en consumo de combustibles fósiles limitados e altamente contaminantes.

Entre o maio de 2011 e o marzo de 2019, protagonizado principalmente pola **mocidade**, asistimos ás maiores e máis transversais

mobilizacións a favor da igualdade dos dereitos das **mulleres** que están a sinalar un novo horizonte.

Crise social, crise de representatividade, crise ecolóxica, ... en suma crise democrática que abre un novo tempo que está a precisar, por parte da cidadanía mobilizada, unha resposta clara e honesta desde a política.

1.2. Novo horizonte democrático, verde e xusto

Asistimos pois, **unhas eleccións complexas e difíciles que precisan reformular un novo horizonte** no plano social, ambiental e de liberdades civís e colectivas, sen perder de vista que a liña condutora política debe ter como **principios reitores a calidade da democracia, o rexeneracionismo político e a maiores esixencias en canto a estándares éticos**. Son eses principios reitores o núcleo do contrato electoral con que En Marea concorra a estas eleccións xerais.

Unha contrato que **interpela á cidadanía desde a participación das máis** (lonxe de acordos cupulares ou decisións entre bastidores dos profesionais dos partidos), que abre un **diálogo coa sociedade desde o cumprimento dos acordos con ela acadada**, e que **quere selar co pobo a declaración co maior alto grado de imperativos éticos esixibles**.

Contrato de En Marea que necesariamente pasa por elaborar unha oferta electoral cun **programa de cambio** pensado **para as maiorías** (social), vertebrado para unha **realidade colectiva** (nacional) e cunha proposta para **un estado en tránsito** (democrática).

Oferta electoral que para que sexa recoñecible obriga a ter un proposta emancipada, desde a liberdade, a compoñer unha proposta para o conxunto da sociedade galega e o seu papel na reconfiguración do estado máis alá do eixo nacional interpretado desde unha dimensión reactiva/defensiva.

Nestas eleccións presentaranse múltiples ofertas electorais que se autoreferencian na esquerda. Todas co obxectivo explícito de frear o avance da dereita. Todas cun difícil **problema de credibilidade discursiva**, pois sendo o obxectivo loable é inútil de abordar desde eses parámetros, porque **a dereita non avanza senón que afianza a**

súa hexemonía electoral a partir do retroceso das posicións da esquerda e da desmobilización do seu electorado.

So desde **un espazo cidadá emancipado**, construído desde a liberdade real de actuación; desde **unha proposta programática propositiva**, construída desde os compromisos efectivos; ou desde un proxecto político nacional, construído desde a lealdade co pobo; é posible crear unha marea de dignidade suficientemente robusta para asentar un tempo mellor. Un novo horizonte democrático, verde e xusto. Con ese firme compromiso En Marea aborda este novo tempo.

1.3. Frear a involución democrática para non volver ao modelo político dos que “non nos representa”

En Marea concorre ás próximas eleccións Xerais conscientes da súa importancia, **nun momento de crise política e moitas ameazas á democracia.**

Nesta eleccións **está en xogo**, en primeiro lugar, **se a etapa de cambio de modelo político aberta hai sete anos pola cidadanía nas rúas**, que demandaba un novo modelo político, unha maior democracia e unha nova forma de relación entre representantes e representados, **segue aberta ou pola contra volvemos a política dominada por partidos sistémicos que antepoñen os seus intereses aos do ben común.**

En Marea ten claro que **existe unha demanda de rexeneracionismo** que poña **a ética no primeiro plano da política** e asuma o reto de **avanzar nos estándares de máis democracia e de máis participación cidadá nos asuntos públicos.**

1.4. Frear á dereita pasa por maiorías plurais progresistas coa participación activa da cidadanía galega

Está en xogo, tamén, que **maiorías configuran os apoios ao novo goberno** e si estes se articulan en clave social e de avance de dereitos.

En Marea reafirma a súa vontade de **contribuír** con alianzas moi diversas **a conformar unha maioría de progreso e xustiza social** que non fagan involucionar os nosos dereitos.

A representación de En Marea non servirá en ningún caso para que a dereita estea ni un segundo no goberno, pero tampouco actuará coa subalternidade de quen da un cheque en branco para gobernos supostamente de progreso que actúan sen ter en conta a axenda democrática, social ou nacional.

En Marea actuará sempre en función de propostas concretas que permitan un avance tanxible de dereitos e liberdades.

1.5. Galicia precisa de ter a voz clara dun proxecto nacional, transversal, sen ataduras externas nin limitacións internas

Está en xogo **se a cidadanía galega segue a ter unha voz clara que defenda os seus intereses**, nunha situación complexa e onde algúns poden estar tentados en subordinar os nosos intereses a outros.

En Marea ten amosado estes anos que **non vai subordinar os intereses da cidadanía galega a outros**, por moi importantes que sexan, porque entendemos que **os dereitos sociais, democráticos e nacionais non son incompatibles senón complementarios**.

Con esta **triple oferta democrática, social e nacional**, En Marea **concorrerá ás eleccións cunha oferta clara de avance democrático, xustiza social e cambio plurinacional de modelo de estado, non subordinada a ningún outro proxecto**.

Estamos convencidos que **o proxecto nacional e democrático que representamos acolle ás grandes maiorías sociais**, defende os intereses da sociedade galega na súa complexidade, e representa a aqueles que traballan e confían nun país máis xusto e máis igualitario.

Temos unha folla de ruta clara, temos un programa rigoroso, que vimos defendendo estes últimos tres anos nas Cortes Xerais, e temos un proxecto para o Estado desde Galicia.

1.6. Un proxecto cunha proposta para un estado [en tránsito] pensada desde Galicia

O estado (español) asiste a un episodio de tránsito (con características constituíntes) atravesado por un **esgotamento do seu modelo político e un violentamento do seu armazón xurídico** que indica con claridade unha crise democrática de gran calado e difícil resolución.

Transito que coincide cunha crise estrutural do estado de benestar que á hora de abordar non chega con volver ás vellas receitas de recuperación do consumo ou o xurdimento de novas burbullas especulativas, senón **un novo modelo de benestar que sitúe a sustentabilidade ambiental** (ou o ambiente) **como un novo pilar do estado social** xunto coa educación, a sanidade ou as políticas sociais.

En Marea ten que ser capaz de situar unha proposta de estado desde un nítido proxecto desde e para a cidadanía galega, e xunto con outras forzas aliadas, sente as bases para a medio prazo reverter a actual etapa de hexemonía da forzas involucionistas, volvendo a colocar o episodio de cambio na folla de ruta das forzas de progreso.

Unha **proposta nacional en toda a súa dimensión** que necesariamente pase por abordar con valentía e sen prexuízos estes seis eixos:

- Un **proxecto para o conxunto dos galegos e das galegas**, indistintamente da súa referencialidade (unívoca ou múltiple) nacional.
- Unha **nova interpretación da democracia** e as actualizacións lexislativas derivadas dela.
- Unha proposta de **redefinición do papel xeoestratéxico de Galicia no estado**, máis alá do xa tradicional listado de reivindicacións competitivas concretas.
- Un **modelo de reforma de estado** (incluída a política de alianzas e a estratexia da súa posta en marcha)
- Un **programa de reindustrialización verde e de redistribución da riqueza** e dos mecanismos de cohesión social e territorial (**Novo Horizonte Verde**).
- Unha **redefinición do concepto soberanía no século XXI**.

1.7. Un ciclo electoral para vertebrar a alternativa ao PP de Feijóo

As próximas eleccións Xerais son o primeiro momento dun ciclo electoral que proseguirá coas eleccións municipais e europeas de maio. Queremos revalidar e ampliar os éxitos das mareas municipalistas e confirmar a nosa presenza no parlamento europeo para **seguir construíndo unha marea de xente para tomar o mando do presente e gañar o futuro.**

Precisamos pasar definitivamente a páxina do pasado. Superar un tempo no que a política se facía de costas á xente para definir unha democracia real. Superar un tempo onde as políticas se dirixían en contra das maiorías para asegurar un amplo abano de políticas de benestar social. Superar un tempo onde as políticas se pensaban sen ter en conta os nosos intereses nacionais para agrandar o autogoberno en base a novos dereitos colectivos.

En Marea preséntase cunha identidade clara e un marco simbólico que se asenta sobre valores firmes que **definen o seu ADN democrático: rexeneracionismo político, radicalidade democrática e ética** no frontispicio dos seus principios.

Ese camiño feito, desde a firmeza nos seus ideais e a lealdade co noso pobo, permítenos ofertar á sociedade, mirándolle aos ollos á xente, un proxecto novidoso e renovado. Unha nova marea que aspira a acubillar a maioría social e a acadar un gran resultado electoral convencidos de que somos o voto útil comprometido coa xente, co país e coa democracia.

Camiño que rematará coas eleccións autonómicas do 2020 onde coa forza da xente disputaremos a presidencia da Xunta de Galicia ao PP.

Só **acreditando no que se fai, confiados no noso pobo e con liberdade** pódese volver ao bo camiño e abordar o futuro con esperanza.

2. LIÑAS BÁSICAS PARA A OFERTA ELECTORAL DE EM

2.1. CARTA DE COMPROMISOS PARA O CONTRATO DE EN MAREA COA SOCIEDADE

a) Coa ética e o rexeneracionismo político

A ética no frontispicio da política. Para En Marea non hai ningún principio por riba da ética, por iso é taxativa e inflexíbel no cumprimento dos seus códigos éticos para que nunca máis a xente poida dicir aquilo tan real de “todos os políticos son iguais”.

Faise necesario **o rendemento de contas permanente e o cumprimento das propostas programáticas, a honestidade fronte á corrupción, a democracia xenuína,** así como o diálogo e o compromiso como bases para o entendemento e o acordo. Diante de eventuais actuacións ilícitas non valen escusas de ningunha caste. Apostamos por recuperar a acción política da cidadanía no senso republicano do termo.

Entendemos a política como un compromiso social e como unha actitude fronte as inxustizas do poder. Os cargos institucionais deberan estar ocupados nas demandas da cidadanía da súa circunscrición, ás que lles deben render contas.

b) Na escoita activa coa cidadanía e o diálogo político

A acción política ten como **valor fundamental o diálogo.** Un diálogo que debe ter unha parte con outros actores políticos pero **fundamentalmente un diálogo bidireccional coa sociedade galega** a que debemos lealdade exclusiva.

O novo escenario político implica **compromiso e diálogo** para avanzar nos dereitos sociais (afianzando unha maioría de progreso) e nas liberdades (abordando as alianzas que permitan abrir un proceso de tránsito democrático). Compromiso coa maioría social e coa cidadanía progresista que pode sustentar unha maioría de progreso. Diálogo construtivo para que a política sexa útil para a xente e se concrete

nunha acción pública transformadora que cambie de verdade a vida das cidadás e dos cidadáns.

Ese diálogo require moito de escoita activa, sen prexuízos nin apriorismos. Escoitando ao pobo, **a todo o pobo**, e sobre todo asegurando **niveis de transparencia e rendición de contas cidadá máximos**. Ese é **un dos grandes compromisos que a nova En Marea pode e vai cumprir**.

c) Cos máis vulnerables e a maioría traballadora

En Marea está comprometida cos sectores que teñen levado o maior golpe nos últimos anos: **asalariadas no umbral da pobreza, mulleres con perda de dereitos, mocidade migrada e precariada, rendas mínimas ou persoas en risco de exclusión social, pensionados,...**

A primeira urxencia é sacar adiante unha **axenda social** que deixe atrás os recortes, a precariedade e o abandono do Estado do Benestar; unha axenda democrática que deixe atrás a corrupción, os privilexios e a política de costas á xente; e unha axenda de desenvolvemento que deixe atrás a emigración dos nosos mozos, as carencias de modelo produtivo e a falta de expectativas da maioría da sociedade.

A desigualdade social agrávase, no caso de Galicia, coa desigualdade territorial. Temos **carencias estruturais** en infraestruturas, protección social, xeración de iniciativas económicas ou atención á axenda singular de problemas da sociedade galega: emigración masiva, dispersión poboacional, avellentamento e devalo demográfico. A crise multiplicou as dificultades da nosa economía, crebou o noso mercado de traballo, ampliou as desigualdades, acrecentou as situacións de pobreza e precarizou as condicións de vida de milleiros de cidadáns e cidadás. Polo que precisamos políticas que prioricen en inversións de reequilibrio.

O medio rural e a actividade agraria deben considerarse suxeitos decisivos para o desenvolvemento e o benestar da sociedade galega. Promover o dereito a **Soberanía Alimentaria**, imprescindible tamén no camiño da Soberanía Nacional na **transición cara un sistema agroalimentario baseado na agroecoloxía**.

Asegurar un **dereito a un traballo digno e mellor repartido**, un **maior equilibrio fiscal entre as rendas do traballo e do capital** a favor das primeiras e **fixar unha renda básica de cidadanía**, son **tres dos piares** nos que debe centrar os seus esforzos En Marea **para unha maior xustiza social**.

d) Cos dereitos das mulleres na contenda feminista

Os últimos 8 de marzo amosaron que a conciencia feminista, mobilizada polas agresións patriarcais contra a vida e a liberdade sexual das mulleres, deu un novo salto cualitativo: centos de milleiros ocuparon as rúas das vilas e cidades esixindo a fin da violencia machista, o financiamento da Lei contra a Violencia de Xénero e a igualdade económica real. Este movemento non ten volta atrás, está chamado a desenvolver a súa potencia subversiva e a mudar a sociedade.

Se hoxe existe **un ideario transversal con potencialidades de transformación social central**, ese é o **feminismo**.

Falar de mulleres en termos de igualdade e con perspectiva de xénero é facelo dende o feminismo, e implica tomar conciencia sobre a desigualdade estrutural entre mulleres e homes

Na participación entre todas, polos dereitos e contra a desigualdade, o feminismo debe estar no centro de todas as políticas, coa perspectiva de xénero como eixos transversais. Faise esencial erradicar o sistema patriarcal instalado na sociedade e nas institucións de representatividade.

O feminismo sabe que ninguén pode quedar atrás. E En Marea ten ese compromiso de igualdade no centro do seu ADN.

e) Coa mocidade que non renuncia ao seu futuro

A crise económica atacou a diversos colectivos vulnerábeis, e en particular tamén á mocidade. Na última década moitas cousas mudaron para a mocidade: maiores dificultades de acceso á educación superior e un cambio de modelo no mercado de traballo que levou á maioría da nosa xente moza a ter que escoller entre a emigración, o desemprego ou unhas condicións laborais cada vez máis precarias. **A**

mocidade representa mellor que ningún outro colectivo ao precariado, cuns salarios de miseria que non permiten a emancipación ou mesmo a pobreza e un grao de inestabilidade laboral descoñecido mediante empregos temporais e a tempo parcial. Esa mesma mocidade que non renuncia a loitar por un futuro digno e na súa terra.

A precariedade laboral está na orixe doutros graves problemas como a emigración da mocidade e o devalo demográfico. Por iso, dende EM comprometémonos a impulsar políticas por unhas condicións de traballo dignas, á derogación das reformas laborais, da lei mordaza, da reforma da seguridade social, a igualdade de xénero e os dereitos da mocidade traballadora.

f) **En defensa de Galicia e o seu papel na reconfiguración do estado**

A axenda territorial é un dos retos da nova lexislatura. Do mesmo xeito que noutros ámbitos, a crise foi a excusa para un movemento recentralizador que está a bloquear o autogoberno e a mellora dos servizos públicos. A **nova axenda territorial** ten que afrontar positivamente os **avances en autogoberno** e a **consideración do Estado como unha realidade plurinacional**.

Para o noso país é clave un **financiamento autonómico** que faga xustiza coa nosa sociedade e atenda o custo real dos servizos, que responda positivamente ás demandas pendentes de transferencia ou a decisións de goberno amplamente solicitadas, e ademais que fixe firmes compromisos orzamentarios e de execución das promesas incumpridas.

A nova axenda debe ser consecuente coa consideración plurinacional de Estado e asumir a importancia do desenvolvemento do autogoberno galego como parte esencial dunha nova idea do Estado como goberno compartido. Cómpre avanzar no autogoberno e a cooperación como vías para mellorar a democracia e os servizos á cidadanía.

En Marea ten un firme compromiso cos nosos intereses nacionais, con que Galicia estea presente na nova orde interna do Estado, con que deixe de xogar un papel estratéxico periférico. Neste sentido, a necesaria apertura dun diálogo multilateral cara ao avance de máis autogoberno nun novo escenario plurinacional, ten no recoñecemento constitucional de Galicia como nacionalidade histórica a garantía de

que en calquera modificación do modelo territorial do estado Galicia conte.

2.2. ALIANZAS PARA AVANZAR NO CAMBIO REAL

a) Para unha maioría de progreso

Existe unha **clara maioría democrática e de progreso** que se sustentase nunha clara maioría social e nas forzas políticas que facilitaron a moción de censura para desaloxar ao partido da corrupción da Moncloa.

Tras as eleccións do 28 de maio esa maioría tense que ampliar e asentarse, pero desta volta non pode ser construída unicamente arredor do PSOE nin en forma de 'cheque en branco'.

Desde En Marea estamos seguros que os nosos votos van a ser determinantes dentro desa maioría que ten que articularse de xeito plural e corresponsable.

Sabemos que **unha cousa é facilitar a investidura** da forza que en mellores condicións estea para liderar o goberno desde unha opción de progreso (por nós non vai quedar) e **outra ben distinta converter o proxecto que queremos construír da maioría das galegos e das galegas nun apéndice subalterno doutra forza**. A estabilidade gubernamental vai depender non de tal ou cal concesión secundaria senón do cambio de modelo de vertebración económica e social onde o desequilibrio territorial aparte á vertente atlántica do foco de crecemento económico e de dereitos sociais.

b) O tránsito cara a unha nova democracia

Asistimos a un **esgotamento do modelo político saído da transición**: corrupción estrutural, crise territorial, desafección política de amplos sectores, novas demandas non contempladas na actual constitución, ... son algunhas das sinais claras que se necesita avanzar rápido e pronto en novos dereitos individuais e colectivos.

O armazón xurídico-político do 78 entrou en crise, tornouse nun espazo demasiado constreñido para as demandas da cidadanía. Precísase con determinación alianzas amplas que permitan un tránsito cara unha nova democracia. Alianzas ás que En Marea quere contribuír porque quere ser unha forza de estado.

Alianzas nas que deberían estar as forzas progresistas que teñen como horizonte novos dereitos e liberdades, as forzas soberanistas que defenden a plurinacionalidade do estado, e necesariamente, forzas democráticas que necesitarían librarse do proceso de radicalización que vive a dereita.

c) Crear a alternativa galega por, para e con o pobo

En Marea ten, en primeiro lugar, unha alianza coa sociedade galega á que se supedita todas as outras alianzas e acordos.

Exerceremos a escoita activa coa cidadanía, para levar ás Cortes Xerais a súa voz sen intermediarios. Faremos rendición de contas por iniciativa propia ou a petición de colectivos ou sectores sociais. Non anteporemos ningún acordo ou decisión estratéxica que non estea no noso programa sen unha consulta aberta á cidadanía.

Vivimos nunha sociedade de culturas de rebeldía diversas, todas igualmente necesarias á hora de sumar **a policromía do cambio** necesario.

En Marea **sitúa a cidadanía galega no centro da súa intervención política e que actúa** en función da análise da nosa realidade **para construír un país máis xusto.**

Só temos un país e é de todas. Debemos saber utilizar a 'riqueza' dos afectos pola defensa do país para construír sen exclusión, de xeito cívico, o noso país por e para todas as persoas.

2.3. PROGRAMA DE URXENCIAS PARA GALICIA

*“son gritos en el cielo
y en la tierra son actos.”
Gabriel Celaya*

En Marea fai súas as principais demandas do movemento sindical e das pequenas empresas, dos colectivos en defensa da terra, do movemento feminista, de MODEPEN por unha pensións dignas, dos movementos en defensa dos dereitos dos animais non humanos, ... de múltiples colectivos que defenden o ben común.

Trátase de 349 MEDIDAS URXENTES para melloras a vida das persoas en catro anos de lexislatura, convertendo a ilusión en realidade.

a) Un estado social con ampliación de dereitos.

Xustiza Social

Políticas sociais básicas de cara ao benestar social

1. Acceso garantido a subministros básicos: enerxía, auga, gas e transporte.
2. Impulsar un plan de choque específico contra a pobreza infantil.
3. Promulgación dunha Lei do Dereito á Educación Social.
4. Reestruturar a débeda hipotecaria dos fogares.
5. Pleno e inmediato funcionamento, con partidas orzamentarias, da lei de dependencia.
6. Manter o poder adquisitivo de pensións, prestacións, subsidios e axudas sociais.
7. Revalorización automática das Pensións con relacións ao IPC real.
8. Establecer a pensión mínima en 1.080 € como fixa a Carta Social Europea.
9. Eliminar as parcialidades no subsidios do desemprego.
10. Xubilación anticipada sen penalizar con 40 anos cotizados.
11. Aumentar o investimento en infancia, canto menos, ata a media europea, aumentando a prestación por menor a cargo.
12. Garantir por lei o 1% do orzamento en obra pública para a accesibilidade universal.

13. Derrogar o artigo 135 da Constitución.
14. Recuperar os Orzamentos para o ben público.
15. Derrogar a lei estatal de racionalización e sostenibilidade da administración local.
16. Poñer fin aos recortes e privatizacións que só pretenden transformar dereitos sociais e democráticos en negocio, e garantir a súa xestión pública.
17. Asinar a Carta Social Europea.

Igualdade real: Un país de todas e para todas

Loita contra a violencia machista

18. Orzamentar políticas específicas e transversais de xénero.
19. Plans de concientización sobre o patriarcado como problemática estrutural.
20. Promover políticas públicas de igualdade: servizos públicos de calidade que dean cobertura ás tarefas de coidado de vida; importante xacemento de emprego remunerado; compatibilidade entre a vida persoal e a vida laboral.
21. Asegurar o acceso de tódalas mulleres, sen exclusións, a través da sanidade pública á Interrupción voluntaria do Embarazo sen persecucións, informacións sesgadas nin presións.
22. Impulso á conciliación e á corresponsabilidade. Igual traballo, igual salario: Igualdade de dereitos de acceso.
23. Implementar unha Lei integral contra a trata de persoas e contra a explotación sexual como formas extremas de violencia de machista.
24. Prioridade na ampliación inmediata do permiso de maternidade e equiparación dos permisos de paternidade e maternidade
25. Aumentar a formación sobre igualdade e violencia machista de todos os colectivos que traballan con mulleres (servizos sociais, policía, xulgados, profesionais de atención sanitaria, etc.).
26. Implementación efectiva do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
27. Garantir medios materiais para a creación de xulgados de violencia contra as mulleres e os consecuentes dispositivos de protección e inserción sociolaboral.
28. Garantir a coordinación entre as distintas administracións das unidades de violencia de xénero.

29. Formación obrigatoria en materia de xénero aos corpos e forzas de seguridade e aos xuíces e fiscais.

Fiscalidade xusta **solidaria e redistributiva**

30. Desenvolver a lei xeral tributaria. AEAT: profesionalidade, autonomía e recursos, con capacidade para loitar contra a fraude e a evasión fiscal. Rematar co uso partidario da Axencia Tributaria. Dotación de recursos á Axencia Tributaria.
31. Equiparación do trato fiscal das rendas de traballo e de capital.
32. Tributación xusta respecto á capacidade da contribuínte.
33. Erradicar os mecanismos de evasión fiscal. Supresión das SICAV. Tributación das SOCIMIS que acaparan vivendas.
34. Implementar unha taxa sobre as transaccións financeiras internacionais.
35. Desenvolvemento dunha banca pública ao servizo da economía real en lugar dun sistema financeiro exclusivamente privado.
36. Promover unha fiscalidade verde.
37. Nova política comercial asentada na cooperación.
38. Financiamento das pensións dende os Orzamentos Xerais do Estado.
39. Supresión dos beneficios fiscais á igrexa.
40. Auditar e reestruturar a débeda pública.
41. Modificación do modelo de financiamento local garantindo a sostibilidade municipal. Derrogación da nova Lei de Bases de Réxime Local, que aumenta o poder das Deputacións e limita o papel dos concellos de menos de 20.000 habitantes

Por unha vida plena **Emprego digno e Renda Básica**

42. Regular a Renda Básica como dereito a un ingreso regular que permita unha vida digna (Suficiente) para cada membro da sociedade (Universal)

- polo simple feito de ter nacido (Incondicional) e xestionada por cada quen (Individual).
43. Asegurar no proceso cara a unha Renda Básica un ingreso mínimo vital para a cidadanía, substituíndo o modelo actual de axudas por unha renda de ingresos mínimos e de complemento de ingresos, de carácter subxectivo e non condicionada, elevando a contía orzamentaria, canto menos ao cuádruplo durante a lexislatura.
 44. Salario mínimo digno. Elevación do Salario Mínimo para equiparalo á media da UE. Erradicar a figura do/a traballador/a pobre.
 45. Medidas de melloras de horarios laborais e de redución do tempo de traballo sen afectar aos salarios.
 46. Endurecemento das condicións de despido, singularmente nas grandes empresas con beneficios.
 47. Xubilación aos 65 anos e voluntaria aos 60 anos.
 48. Revisión da idade de xubilación dos traballadores/as do mar.
 49. Lei de Igualdade salarial entre mulleres e homes.
 50. Derrogación das reformas laborais do 2011 e 2013.
 51. Recuperación dos dereitos laborais perdidos e da obriga da negociación colectiva.
 52. Políticas laborais sen perda de dereitos para favorecer a conciliación laboral coa persoal.
 53. Establecemento de topes salariais máximos.
 54. Ratificación do convenio 189 da OIT sobre traballo no fogar. Cumprimento íntegro do Real Decreto 1620/2011 sobre o réxime laboral de empregadas do fogar, nomeadamente nas prestacións por desemprego.
 55. Transferencias do Estado a Galicia das competencias plenas en materia de Inspección Laboral e o reforzamento deste servizo, como elemento central da loita contra a enorme precariedade laboral que padece Galicia en todas as súas vertentes (temporalidade, accidentes laborais...),
 56. Introducción da cláusulas sociais e ambientais na contratación pública e garantía de traballos tutelados para persoas con diversidade funcional.
 57. Desaparición da parcialidade dos subsidios.
 58. Contratación directa das Administracións (non mediante Empresas de Traballo Temporal).
 59. Regulación e control das Empresas Multiservizos e das plataformas de emprego dixitais. Medidas contra as transferencias internacionais de datos que provocan a deslocalización en telemarketing.
 60. Mellorar o sistema de prevención de riscos laborais, reforzando a vixilancia e endurecer as multas, levando as responsabilidades polo penal, e facer que os riscos psicosociais se teñan en conta como merecen.

61. Recuperación da capacidade adquisitiva dos traballadores públicos. Recoñecemento do persoal das administracións públicas e da súa función social.
62. Descentralización de competencias para a creación dun Marco Galego de Relacións Laborais.
63. Plan de recuperación de talento científico e profesional na emigración.
64. Lei contra a deslocalización de empresas rendibles e estratéxicas.

Políticas Sociais

Servizos públicos para todas

65. Suprimir toda a lexislación anti-social e recentralizadora aprobada polo goberno central. Derrogación dos RDL 16/2012 e 14/12012 (parcialmente derogado) que imponen recortes sanitarios e educativos, das medidas de recentralización na definición da carteira de servizos sanitarios e sociais.
66. Derrogar os obstáculos de contratación de persoal e de creación de servizos públicos introducidos pola Lei de Reforma e Sostibilidade local e nas leis de orzamentos do Estado. Eliminación da Taxa de reposición.
67. Poñer en marcha fondos extraordinarios específicos contra o despoboamento.
68. Diseñar unha estratexia estatal de coidados que garanta redes eficaces de servizos públicos en materia de familia e atención á infancia. Socialización dos coidados: responsabilidade do goberno, non exclusiva das mulleres.
69. Fondos para a universalización do ensino 0-3, como etapa educativa.
70. Establecemento dunha rede de dinamizadores/as sociais que leven ao rural actividades, cultura, vida.... Recuperación de aldeas e edificios abandonados para convertelos en puntos de encontro xuvenís.
71. Modificar os criterios de valoración da Discapacidade, recoñecendo o 33% de discapacidade para as persoas con diagnóstico de epilepsia refractaria.
72. Aprobar o Plan de Acción da Estratexia Española de Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), cos recursos necesarios para o desenvolvemento das actuacións e o orzamento asociado ás mesmas.
73. Diseñar unha estratexia de estado de atención ás persoas dependentes. Emprego digno no sector da atención á dependencia. Servizos de calidade no entorno. Promoción do envellecemento activo e a animación sociocultural. Dotación de orzamento da Lei de Dependencia (aumento da inversión pública).



- 74. Compensación da débeda acumulada do Estado con Galicia en materia de financiamento da Lei de Autonomía Persoal
- 75. Impulsar un plan de acollida de persoas refuxiadas.
- 76. Equiparación do gasto público á media da UE nunha lexislatura.
- 77. Promover a descentralización da toma de decisións na TVE, como garante do dereito á información, igualando as desconexións e a produción propia en Galicia. Visibilización na TVE da diversidade cultural e lingüística.

Educación

Investimento de futuro

- 78. A educación é un dereito fundamental que debe estar garantido por un financiamento orzamentario garantido suficiente do 7% do PIB.
- 79. Fondo de Compensación Educativa para financiar actuacións que aseguren a equidade en todo o territorio no exercicio do dereito á educación desde a Educación Infantil ao Ensino Superior
- 80. Redacción dunha nova lei de educación que substitúa á LOMCE que estableza un marco de maior participación democrática por parte da comunidade educativa compatible co desenvolvemento dunha maior autonomía de centros, atendendo á autonomía dos centros na organización interna, pedagóxica e de uso dos recursos; a autonomía pedagóxica do profesorado e a dirección para desenvolver un proxecto educativo consensuado no marco da comunidade educativa; e a devolución das competencias aos Consellos Escolares, como verdadeiro órgano de goberno dos centros.
- 81. Derrogación integral do Real Decreto Lei 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo no referido a universidades (seguindo o camiño iniciado pola Lei 4/2019 con respecto ao ensino non universitario). Suprimir a taxa de reposición centralizada.
- 82. Educación infantil de 0 a 3 anos pública, universal e gratuíta. Educación baseada nos principios de laicidade, equidade, solidariedade, coeducación, personalización, participación, ecoloxía, interculturalidade, inclusión, democrática e aberta ás familias. Rede de escolas infantís.
- 83. Garantir por lei a Atención Temperá para as/os menores que o precisen.
- 84. Restituír nos currículos os contidos de Educación para a cidadanía e os Dereitos Humanos.



85. Poñer en marcha programas curriculares e extracurriculares de Educación Ambiental para a sostiabilidade para socializar a emerxencia da loita contra o cambio climático e promover unha transición ecolóxica xusta.
86. Dereito á educación das persoas mozas con diversidade funcional maiores de 21 anos, que actualmente quedan fora do sistema educativo.
87. Supresión das subidas das taxas universitarias realizadas nos últimos anos e modificación da política de bolsas, con aumento das mesmas.
88. Supresión da relixión dentro do horario lectivo. Supresión do currículo de relixión.
89. Establecemento de sistemas transparentes e participados dos requisitos de acreditación do profesorado universitario pola ANECA eliminando os procedementos opacos e arbitrarios.
90. Establecer uns controis de calidade, requisitos de profesorado, titulacións e medios para as universidades privadas equivalentes aos das universidades públicas.
91. Derrogación do Regulamento de Disciplina Académica para o estudiantado universitario franquista de 1954.
92. Establecemento dun plan de choque de apoio á renovación do profesorado e captación de xoves investigadores.
93. Descentralización da xestión de bolsas do MEC
94. Aumentar a 1.000 as FPU e retornar ao calendario de 12 meses e non 18
95. Introducir na Lei de Educación a perspectiva de xénero e a formación en dereitos das persoas dun xeito transversal. Establecer medidas eficaces e consensuadas coa comunidade educativa para loitar contra o acoso escolar.
96. Supresión da política extensiva dos concertos educativos. Aposta pola Educación de titularidade e xestión pública.
97. Auditoría da escola concertada. Establecemento de maiores controis sociais e democráticos nos procesos de escolarización.
98. Supresión inmediata de financiamento a centros que practiquen calquera tipo de discriminación ou non aseguren a gratuidade. Derrogación da previsión que ampara o financiamento que segrega por razón de xénero.
99. Suprimir os copagos nos servizos educativos complementarios.
100. Redución da rateo de alumnado por aula. Recuperación das prazas de profesorado recortadas en todos os ciclos educativos.
101. Fomento e investimento real en innovación educativa.(dotación de recursos materiais e persoais a centros públicos que desenvolven proxectos innovadores). Creación e potenciación de redes de centros públicos que implementan novas metodoloxías. Difusión dos novos modelos.
102. Plan Integral de Atención á Diversidade (Diversidade de intereses, capacidades, motivacións; diversidade sexual, social e cultural).

103. Introducción na oferta educativa da posibilidade de estudar as catro linguas oficiais en todo o Estado.
104. Creación de medidas ponte entre as actividades formativas de atracción e estudantado estranxeiro e a actividade laboral e/ou empresarial.
105. Garantir a suficiencia financeira das universidades, rematando co modelo de financiamento en base a resultados e á empresarialización e mercantilización da universidade.
106. Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores na Universidade. Protección e posta en valor das ensinanzas artísticas de réxime especial: Conservatorios Profesionais de Música e Artes Escénicas.
107. Democratización da planificación, priorización e xestión nos programas de I+D que procurarán a rendibilidade social.
108. Acadar un financiamento da I+D equiparable ao dos países avanzados. Separar do cómputo do gasto en I+D o gasto militar. Limitar o peso dos créditos reembolsables no financiamento da I+D. Potenciar o peso das subvencións incondicionadas.
109. Ampliar e mellorar a cobertura das becas de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. Permitir o acceso a estas becas do Ministerio de Educación ao alumnado galego das escolas infantís, dependentes de Política Social.
110. Facilitar a homologación dos títulos universitarios para persoas estranxeiras.

Por unha sanidade pública universal e gratuíta

111. Garantir o acceso universal á sanidade pública no territorio español. Revisar as diferentes formas de copago, como garantía de acceso aos fármacos necesarios e revisión da Resolución de 2 de agosto de 2012 na que se retiraban varios medicamentos da oferta pública, para no caso que proceda volver a incluílo na oferta do SNS.
112. Reforzar a atención primaria, incrementando, como mínimo, un punto e medio anual na vindeira lexislatura nos orzamentos adicados ao nivel asistencial de Primaria.
113. Incrementar os fondos de financiamento sanitario público para garantir unha suficiencia financeira ao Sistema Sanitario Público e facilitar a equidade no Estado. Cambiar o sistema de financiamento primando as variables de poboación envellecida e de dispersión poboacional.

114. Elaborar e aplicar unha Estratexia de redución de desigualdade considerando os determinantes sociais de saúde, con políticas concretas e financiamento específico, con transferencias de fondos a Comunidades Autónomas e concellos de cara a reforzar estratexias comunitarias de actuación local e comarcal.
115. Modificar a Lei 15/1997, de habilitación de novas formas de xestión do Sistema de Saúde co obxectivo de reducir as súas posibilidades de privatización, asegurando que a titularidade, financiamento, xestión e provisión de servizos sanitarios se faga con entidades exclusivamente públicas.
116. Recuperación dos servizos sanitarios privatizados. Eliminar mecanismos legais perversos de derivación á sanidade privada, concertada e externalizada.
117. Obrigatoriedade de publicar as listas de espera estruturais, non estruturais e pacientes en lista de espera pendentes de cita. Obrigatoriedade de publicar os orzamentos de concertación coa sanidade privada.
118. En Marea promoverá accións lexislativas para o acceso á historia clínica e á prestación farmacéutica electrónicas en todo o Estado español mediante a tarxeta sanitaria como único requisito.
119. Asegurar unha formación continua específica para cada profesional do sistema, que garanta uns estándares básicos de calidade de profesionais.
120. Incorporación paulatina das distintas especialidades de enfermería aos distintos servizos de saúde. Implementar definitivamente o Real Decreto 1302/2018, de 22 de outubro no que se regula a indicación, uso e autorización da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte de enfermería.
121. Participación de Galicia na autorización, rexistro e determinación dos prezos dos medicamentos, asegurando un prezo accesible e a autorización de medicamentos que superen en efectividade aos existentes.
122. Creación dunha empresa farmacéutica pública que sexa capaz de garantir os medicamentos necesarios en situacións de desabastecemento ou de necesidade vital.
123. Creación dun instituto de investigación público capaz de desenvolver novos medicamentos e capaz de competir coa industria farmacéutica privada.
124. Promover a incorporación de novas prestacións no sistema sanitario público como a incorporación progresiva de asistencia odontolóxica gratuíta ata os 18 anos e a prescrición pública de próteses removíbeis ou a incorporación da podoloxía con financiamento público da mesma en función da renda.
125. Amparo dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

126. Regular a decisión sobre a propia vida. Regular de forma clara os cuidados paliativos. Despenalizar e regularizar a eutanasia para posibilitar unha morte digna.
127. Elaboración e financiamento dun Plan Estratégico de Saúde Mental e manexo de condutas aditivas
128. Garantir a atención sanitaria de calidade ás persoas maiores nas residencias da terceira idade. Establecer unhas condicións básicas de atención sanitaria de calidade ás persoas maiores que, aínda que non estean nun hospital, presentan problemas complexos que precisan dunha atención sanitaria específica tamén nas residencias da terceira idade.
129. Incrementar, como mínimo, un punto e medio anual na vindeira lexislatura nos orzamentos adicados a este nivel asistencial (Atención Primaria) en todo o Estado.
130. Incrementar os fondos de financiamento sanitario público para garantir unha suficiencia financeira ao Sistema Sanitario Público e facilitar a equidade no Estado. Cambiar o sistema de financiamento primando as variables de poboación envellecida e de dispersión poboacional.
131. Participación de Galicia na autorización de medicamentos e determinación dos prezos dos mesmos, asegurando un prezo accesible e a autorización de medicamentos que superen en efectividade aos existentes. Creación dunha empresa farmacéutica pública que sexa capaz de garantir os medicamentos esenciais.
132. Investigación pública en todos os eidos da cadea sanitaria e farmacéutica garantindo os investimentos.
133. Recuperación dos servizos sanitarios privatizados. Eliminar mecanismos legais perversos para derivar á sanidade privada, concertar e externalizar.
134. Obrigatoriedade de publicar as listas de espera estruturais, non estruturais e pacientes en lista de espera pendentes de cita. Obrigatoriedade de publicar os orzamentos de concertación coa sanidade privada.
135. Asegurar unha formación continua específica para cada profesional do sistema, que garanta uns estándares básicos de calidade de profesionais.
136. Habilitación das especialidades de enfermería. Regulación efectiva da prescrición de medicamentos pola enfermería.
137. Garantir a atención sanitaria de calidade ás persoas maiores nas residencias da terceira idade.

Dereito a unha vivenda digna

138. Promover vivenda pública en aluguer. Conformación do parque público de vivendas a réxime de alugueiro social. Solo para vivenda pública. Prezos taxados.
139. Modificacións precisas para a aplicación do IBI ás vivendas baleiras de forma inxustificada.
140. Posta en marcha dun Plan estatal de vivenda e regulación do mercado do aluguer.
141. Modificación das normas básicas estatais (TRSL/2015 e lei de rehabilitación do 2013)-
142. Paralización inmediata dos desafiuzamentos. Garantir medidas de aloxamento e manutención para a veciñanza, sen exclusións.
143. Regular pisos turísticos.
144. Normativas que limiten a tenencia de vivendas masivas por parte dos fondos de inversión. Modificar a fiscalidade das SOCIMIS.

Dereitos da Mocidade

145. Regular os períodos de formación en empresas. Prohibir os contratos de formación encadeada.
146. Incentivos con cota hiperreducida ata os 35 anos. Eliminación da cota de autónomos aqueles meses nos que non se chegue ó SMI.
147. Establecer mecanismos de cotización de aquelas persoas que están gozando dunha bolsa de traballo ou se están becadas realizando o doutoramento
148. Creación de bolsas de emprego para a mocidade.
149. Bolsas para opositores/as.
150. Impulsar unha área específica de mocidade no Servizo Público de Emprego Estatal.
151. Gratuidade das taxas universitarias
152. Inversión para a potenciación de espazos seguros de ocio para a mocidade: crear foros, facilitar puntos de encontro, establecer redes para a toma de decisións dende a mocidade para a mocidade.

153. Dotación de recursos para campañas temporais e continuadas de animación sociocultural e educación social, campañas de educación afectivo-sexual, campañas de potenciación da diversidade (diversidade de xénero, sexual, racial, diversidade funcional...)
154. Impulsar de urxencia un plan estatal de retorno da mocidade emigrada.
155. Desenvolver un plan de vivenda de alugueiro social para facilitar a emancipación das persoas mozas.
156. Diseñar plans de apoio á rehabilitación de vivendas no medio rural e programas específicos para acceso da mocidade á vivenda no rural.
157. Dotación de recursos para a prevención e tratamento da ludopatía e da adición as novas tecnoloxías en menores e xente nova.
158. Creación de protocolos para a detención e xestión de situacións de acoso cibernético

Dereitos LGTBI+

159. Impulsar unha Lei integral LGTBIQ+.
160. Aprobar unha Lei Trans estatal, que non patoloxice como a actual. Axilizar os trámites pra cambiar o nome e acceder ás hormonas.
161. Regular por lei a loita contra a discriminación por identidade de xénero ou orientación sexual. Igualdade real para todos e todas. Loitar contra o acoso escolar.
162. Protocolos de actuación contra o acoso nos centros escolares. Formación do profesorado que permita a abordaxe transversal a través de tódalas asignaturas.
163. Formación específica dos profesionais sanitarios que favoreza unha atención sanitaria que teña en conta a diversidade sexual e de xénero
164. Visibilidade na cultura. Programación na TVE que visibilice a diversidade sexual e de xénero.
165. Modificar a Lei do Rexistro Civil para que aos 16 anos non haxa que facer constar o sexo das persoas rexistradas.
166. Facilitar a adopción.
167. Considerar as agresións ás persoas LGTBIQ+ polas autoridades de oficio como delitos de odio.
168. Establecer que aquelas organizacións que sexan condenadas por accións LGTBIfóbicas non poidan recibir axudas públicas.

b) Defensa dos recursos e do ben común.

Por unha economía produtiva
e unha nova política industrial verde

169. Reverter o proceso de desindustrialización apostando decididamente por modelos de novas tecnoloxías limpas, estruturas de comunicacións en forma de maia (actualmente todas os proxectos concíbense como radiais ou cara a vertente mediterránea) e I+D+i . Reverter o proceso de centralización das empresas públicas, centros de I+D e actividades en Madrid.
170. Fomento dunha Banca Pública ética ao servizo das persoas. Promoción de canles de comercialización curta, de proximidade. Criterio de compra local nos centros públicos (comedores escolares, residencias, hospitais,...). Fomento dos produtos locais da agricultura, a pesca, transformados alimentarios, etc.
171. Política planificada para o sector naval público galego e garantir carga de traballo nos asteleiros galegos.
172. Política pesqueira que compatibilice a sustentabilidade ecolóxica coa económica e social, priorizando a pesca artesanal. Reparto xusto da cota pesqueira.
173. Poñer en marcha políticas para garantir a soberanía alimentar. Valor social e ambiental do agro. Defensa da capacidade de produción de alimentos, fomento da agricultura de pequena escala e de proximidade, produtora de alimentos sans e xeradora de emprego.
174. Recuperación de políticas e plans de desenvolvemento local. Políticas de infraestruturas e dinamización económica adaptadas aos territorios e inclusivas para vilas, zonas rurais e pequenas e medianas empresas.
175. Incentivación da entrada de novos operadores nestes mercados, en particular, de empresas que incrementen a diversidade tecnolóxica, a eficiencia e o uso racional dos recursos.

A riqueza do pequeno e do noso colectivo autónomo, cooperativistas, pequena empresa e comercio de proximidade

176. Banca pública de apoio a iniciativa e acompañamento da pequena empresa e autónomos.
177. Apoio efectivo ao emprendemento e a autónomos. Desaparición do sistema de cotas para establecer un mecanismo de pago por % sobre os beneficios, para que remate a sangría ás persoas autónomas con baixos ingresos.
178. Impulso ao comercio xusto e ao consumo responsable, axudando a crear e desenvolver redes locais, facilitando a relación cos establecementos comerciais, reservando espazos en mercados e dando información á poboación.
179. Reformas legais para a protección do comercio de proximidade. Derrogación da lexislación estatal que obriga á apertura en domingos e facilita a desregulación de horarios para as áreas designadas centralizadamente como de grande afluencia turística.
180. Deseño de plans industriais que posibiliten o despregamento de medianas empresas.

Por un rural vivo

181. Posicionamento claro do estado por unha reforma da PAC na UE a favor das pequenas e medianas explotacións agrícolas e do impulso a agroecoloxía. Participación autonómica no deseño das decisións de reparto interno das axudas da PAC.
182. Impulsar unha Lei da Montaña que blinde os servizos básicos nos entornos de montaña.
183. Profesionalización da actividade agraria das mulleres rurais e titularidade compartida das explotacións. Subsidios por desemprego para traballadores/as agrarios.

184. Apoio á produción de alimentos nas mans das labregas e dos labregos.. Impulso á cooperativización. Reforzar a capacidade de gandeiros/as na negociación de prezos.
185. Programas de erradicación de pragas: vespa velutina, couza guatemalteca na pataca, avispiña na castaña, etc.
186. Xestión do minifundio con medidas innovadoras de xestión territorial, fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra e das acción de cooperación público-privada.
187. Reverter a actual perda de recursos humanos e económicos nos centros de capacitación agraria e de formación e investigación.
188. Incluír a todas as variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras.
189. Incendios forestais. Prevención como eixo fundamental. Reforzamento do carácter público do Servizo de Defensa contra Incendios. Coordinación de emerxencias. Mando único operativo e real.
190. Pacto coas CC.AA polo Territorio.
191. Revisión dos protocolos e normativas de actuación en caso de catástrofes ambientais, vagas de incendios ou agresións contra o patrimonio cultural e ambiental (terrestre, mariño e aéreo), con especial atención aos efectos derivados das grandes infraestruturas enerxéticas, extractivas ou de comunicación.
192. Fondos extraordinarios para atallar o despoboamento do rural.
193. Modernización e sustentabilidade dos sistemas de regadío en Terras de Lemos, Terra Cha e A Limia.

Enerxía para vivir Limpa, renovable e sen expolio

194. Control dos oligopolios eléctricos. Aposta polas enerxías renovables, a redución do consumo e a eficiencia enerxética. Prohibir o fracking. Promover a redución do consumo e a substitución progresiva dos combustibles fósiles, favorecendo a loita contra o cambio climático.
195. Recuperación inmediata para o público das concesións das centrais hidroeléctricas caducadas
196. Xestión de residuos tendente a substituír a incineración pola recuperación de materiais, debido ao efecto contaminante e á emisión de gases de efecto invernadoiro.

197. Garantía de subministro mínimo. Factura eléctrica accesible para todos os fogares. Erradicación da pobreza enerxética. Bono social eléctrico. Prohibición de interromper a subministración eléctrica nin de gas a consumidores/as vulnerables.
198. Desaparición do sistema de fixación de tarifas no pool eléctrico, que só favorece a especulación. Control público do prezo da electricidade.
199. Plan estratéxico de enerxías renovables. Promoción do autoconsumo residencial e para pequenas e medianas empresas, sobre todo no rural. Enerxías renovables nas Administracións e fomento da autoprodución eléctrica en administracións, empresas e explotacións.
200. Garantir á continuidade do carácter público e neutro da Rede Eléctrica Española.
201. Garantir prezos competitivos para a industria electrointensiva. Aprobación urxente dun Estatuto dos Consumidores Electrointensivos na liña do proposto por En Marea nas súas alegacións ao proxecto actual de Estatuto.
202. Redución da fiscalidade no recibo doméstico da electricidade.
203. Auditoría pública dos custos do sector eléctrico.
204. Trasladar aos orzamentos xerais do Estado custos non directamente relacionados coa produción, transporte, distribución e comercialización de electricidade.
205. Obriga da separación en empresas totalmente independentes da xeración e a comercialización de electricidade.

Xustiza ecolóxica

O reto de reverter o cambio climático

206. Darlle un pulo a Lei de transición ecolóxica e contra o cambio climático.
207. Impulsar un plan de emerxencia para deter a perda de biodiversidade.
208. Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro a razón dun 7% anual.
209. Loita contra as contaminacións atmosférica e acústica.
210. Impulso á fiscalidade ambiental. Introducir un trato fiscal favorable ás actividades de reparación e remanufacturación de produtos para evitar a produción de máis residuos
211. Adoptar medidas contra a obsolescencia programada de produtos.
212. Aprobado a Estratexia Española de Economía Circular
213. Impulsar a I+D para o eco-diseño de produtos, a recuperación e reutilización de residuos.

- 214. Impulsar novas formas de consumo compartido de bens (bancos de ferramentas, electrodomésticos...).
- 215. Introducir medidas de compra pública verde.
- 216. Impulsar o transporte colectivo fóra das grandes cidades.
- 217. Facer un plan de implantación de puntos de recarga eléctrica de vehículos.
- 218. Adoptar medidas para facer efectivo o principio quen contamina paga. Derrogación dos retrocesos no ámbito de aplicación da Lei de Responsabilidade Ambiental.
- 219. Adopción de medidas para o tránsito a fontes de produción enerxética renovable e apoio para o cambio económico das comarcas.
- 220. Promover unha educación ambiental que valorice os estilos de vida baixos en carbono e promova valores e actitudes coherentes coa cultura da sostibilidade.
- 221. Apoiar o desenvolvemento Dunia Estratexia Nacional de Educación Ambiental para a sostibilidade, cun plano de financiamento plurianual e coa implicación de todas as administracións do Estado.

Harmonía coa natureza e benestar animal

- 222. Derrogar os cambios na modificación da lei de Costas (lei 2/2013), que introducen presión e deterioro nos espazos litorais (consolidación de actividades industriais, urbanizacións, invasión urbanística da costa...) volvendo a súa redacción orixinal.
- 223. Recuperar as rías e garantir o saneamento das augas residuais urbanas. Saneamento das rías. Priorizar nos orzamentos a protección da calidade das augas das rías e aumentar os investimentos en sistemas de saneamento e depuración de augas.
- 224. Eliminación definitiva da prorroga a ENCE na súa ubicación na ría de Pontevedra.
- 225. Recuperación integral da marisma de Lourizán.
- 226. Execución da eliminación dos pasos a nivel da Praza dos Praceres, en cumprimento da sentenza.
- 227. Demolición dos recheos do porto de Marín, en cumprimento das sentenzas STS de 08/02/2017 (rec. 2746/2015) e STSXG de 23/11/2017 (rec. 4756/2012).

- 228. Xestión e titularidade pública da auga. Retirar o canon da auga.
- 229. Benestar animal. Impulso dunha Lei Marco de Protección Animal que inclúa a derogación da normativa que cualifica as touradas como Patrimonio Cultural.
- 230. Iniciativas para a prevención e sensibilización sobre o maltrato e o abandono animal, con especial énfase no ámbito educativo.
- 231. Reforma do Código Civil para deixar de considerar aos animais como obxectos/cousas.
- 232. Establecemento dun Rexistro para autoridades e forzas de seguridade sobre persoas maltratadoras de animais condenadas no eido penal ou infractoras no eido administrativo e medidas adicionais (non tenza, comercio, profesión relacionada con animais).
- 233. Supresión de calquera axuda, apoio ou soporte aos eventos cruentos cos animais como as touradas ou os circos, que empreguen seres vivos a través da eliminación de convocatorias de subvencións, premios ou recoñecementos.
- 234. Ampliación da rede galega de espazos protexidos e dotación orzamentaria para a súa conservación.
- 235. Derrogación da actual Lei de Costas e volta a anterior.
- 236. Plan estratéxico de desenvolvemento dun turismo sustentable.

Vertebración territorial interior e comunicación de Galicia co mundo

- 237. Rede de ferrocarril de proximidade para a articulación e cohesión territorial e social. Desenvolvemento de redes de tren de proximidade nas áreas Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.
- 238. Modernización e electrificación das liñas A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo, Monforte-Lugo.
- 239. Renovación da liña de ferrocarril A Coruña-Ferrol de maneira inmediata. Construción dunha variante (By- Pass) en Betanzos Infesta.
- 240. Executar a saída sur ferroviaria de Vigo-Porto, para prolongar o Corredor do Eixo Atlántico con Portugal, funcionando como elemento facilitador para optimizar as conexión de proximidade na área metropolitana de Vigo.
- 241. Incremento dos servizos de transporte ferroviario de Media Distancia en Lugo, para a mellora das conexións coa Coruña, Ourense e Monforte de Lemos,



242. Plan de investimento para Monforte de Lemos como eixo ferroviario central de mercadorías. Aumento dos postos de traballo do taller de Renfe, supresión dos pasos a nivel na vila e mellora da accesibilidade da estación de FFCC.
243. Construción da liña ferroviaria Lugo-Santiago.
244. Desenvolvemento da conexión ferroviaria da Eurocidade Chaves - Verín.
245. Investimento de 50 millóns de € anuais para a recuperación do FEVE entre Ribadeo e Ferrol, mellora das liñas e aumento da cadencia das viaxes.
246. Conexión ferroviaria dos portos exteriores. Impulsar, financiar e executar a conexión ferroviaria do porto exterior de Punta Langosteira para garantir a súa plena operatividade, a súa conectividade e promoción internacionais, tanto respecto da rede básica de corredores da UE como tamén ao Corredor do Cantábrico.
247. Mellora da seguridade ferroviaria. Instalación de medidas de seguridade ERTMS en todos os tramos de velocidade alta.
248. Recuperación dos traballos da Comisión de investigación do accidente de Angrois para finalización do trámite de conclusións.
249. Esixencia de asunción de responsabilidades políticas que se deriven das conclusións da Comisión de investigación do accidente de Angrois.
250. Posta en marcha dunha comisión técnica independente e cese dos membros da CIAF.
251. Mellora de estradas e a súa seguridade. Plan integral de recuperación, rehabilitación e reforma das estradas nacionais que presentan tramos en mal estado, falta de mantemento e una avanzada degradación produto da ausencia de investimentos na súa conservación.
252. Transferencia e xestión pública da AP-9. As peaxes desorbitadas limitan o acceso a esta vía e pexan o seu uso como soporte de expansión da economía galega
253. Aumento das dotacións para a execución definitiva do proxecto AP-9: Viario 18 de ligazón coa terceira rolda e coa Vía Ártabra.
254. Proxecto e dotación orzamentaria suficiente e adecuada para a inmediata execución do proxecto “enlace orbital”, de conexión da AP-9 co Polígono de Sionlla, a N-550 e a A-54 (Autovía de Lavacolla).
255. Conversión en travesía urbana do tramo de entrada da AP-9 a Vigo, desde a Avenida de Buenos Aires ata o centro urbano
256. Impulsar a construción da A74 entre San Cibrao e Barreiros, dándolle deste xeito unha saída a Asturias e o interior de Lugo a todos os veciños da costa mariñá, que só teñen a N642 como vía de comunicación entre A Mariña e o resto de Galicia e comunidades veciñas.
257. Redefinición do Plan de estradas para eliminar duplicidades comunicativas. Paralización da A57.
258. Avaliación do retorno e do impacto social e ambiental.



- 259. Intermodalidade, Galicia conexión Europea atlántica.
- 260. Investimento nas autoestradas do mar Vigo-Nantes e a apertura doutras novas autoestradas marítimas desde os portos de Vigo, A Coruña e Ferrol, como infraestruturas claves para a creación de corredores marítimos para o transporte intercontinental de mercadorías.
- 261. Planificación adecuada da velocidade de conexión coa rede en zonas rurais e con poboación dispersa como a galega.
- 262. Modificación da lei de portos do Estado, que poña freo á privatización dos espazos portuarios, a modificar o réxime financeiro das autoridades portuarias, así como a integración porto-cidade e as formas de xestión, cooperación e participación inter-administrativa cos concellos.
- 263. Condonación do préstamo de 200 millóns de euros outorgados por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira.
- 264. Recuperación e posta en valor dos terreos da fachada portuaria da Coruña que se podan desafectar para dedicalos a uso dotacional público; garantía de titularidade e xestión pública; e constitución dun consorcio de administracións públicas para estes fins
- 265. Mellora do acceso á banda ancha en todo o territorio galego.

c) Rexeneración democrática. Liberdades públicas.

Dereitos humanos

Cidadanía libre | Igualdade sen exclusións

- 266. Recoñecemento dos mesmos dereitos para todas as realidades familiares. Garantía efectiva dos dereitos humanos.
- 267. Derrogación da Lei de protección da seguridade cidadá -Lei Mordaza- (LO 4/2015).
- 268. Regulación do dereito de reunión e manifestación como dereito "non de regulación legal" , con posibilidade de exercer o dereito sen comunicación previa en concentracións que non demanden medidas de seguranza ou de regulación do tráfico. Supresión do artigo 315.3 do Código Penal, que criminaliza os piquetes.

269. Modificación das infraccións e sancións da lei do deporte .- Redefinición do concepto de “conduta violenta” do artigo 2 da lei a fin de evitar que esta ampla definición evite incluír calquera tipo de comportamento.
270. Derrogación da lei de estranxeiría. Establecemento de procesos de regularización ordinaria. Cese persecución e criminalización das persoas migrantes. Peche dos Centros de Internamento de Estranxeiros
271. Regulación do carácter excepcional da sanción de expulsión e nunca cando a persoa acreditar 18 meses de estadia (regular ou irregular) no territorio do estado .
272. Lei de acollida e convivencia intercultural.
273. Reforma da Política penitenciaria. Derrogación do réxime fechado (artigo 89 ao 95 Regulamento Penitenciario). Derrogación da prisión permanente revisábel. Integración da sanidade penitenciaria no sistema nacional de saúde (SERGAS). Derrogación da relación laboral especial penitenciaria e a súa inclusión como relación laboral ordinaria , sometida ao convenio da actividade
274. Eliminación das competencias penais da AN , salvo as correspondentes aos supostos de xurisdición extraterritorial.
275. Supresión do delito de apoloxía e enaltecemento do terrorismo . derrogación de delitos de injurias á Coroa, enaltecemento do terrorismo, injurias aos corpos e forzas de seguranza do Estado.
276. Regulación do delito de odio conforme ás directrices do CONSELLO DE EUROPA, nomeadamente a recomendación n. 97 (20), do Consello de Europa. Exclusión do delito de delito de odio en críticas ás institucións públicas. (Caso TEDH caso Stern Taulats c. España).
277. Reforzamento do carácter laico do estado. Derrogación do delito contra os sentimentos relixiosos do art.525 CP . Supresión de financiamento público de calquera confesión relixiosa, incluíndo as exencións fiscais. Revisión da lexitimidade de todas as inmatriculacións realizadas pola igrexa católica ao abrigo da anterior redacción da lei hipotecaria e da lei hipotecaria de 1946
278. Derrogación da Disposición Final Terceira da nova Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, que modifica a regulación da propaganda electoral e permite "a recompilación de datos persoais relativos ás opinións políticas das persoas", quer dicir, a confección e explotación electoral de perfilados ideolóxicos e persoais.
279. Establecemento de medidas de control da actividade das empresas propietarias das principais redes sociais (Facebook, Twitter...) en relación coa invasión da privacidade e da protección de datos persoais.
280. Despenalización do cannabis.

Administración aberta **control democrático e eliminación da corrupción**

281. Código ético do cargo público. Profesionalización da administración. Redución de altos cargos. Eliminar os privilexios da representación pública. Erradicar as portas xiratorias.
282. Plan contra a corrupción e endurecemento do código penal por motivos de corrupción. Imprescritibilidade do delito económico relacionado coa corrupción.
283. Dotación de medios e capacidade de actuación ao Tribunal de Contas.
284. Dotación de medios para o pleno cumprimento da lei de transparencia e información pública. Todo o que non sexa secreto de estado debe ser accesible para a cidadanía. Transparencia e control democrático.
285. Incorporación de procesos de participación, deliberación e decisión nos asuntos públicos. A cidadanía ten dereito a decidir, debe ser escoitada mediante referendos, consultas e procesos participativos.
286. Dereito ao voto aos 16 anos.
287. Reforma electoral para que se achegue ao principio de unha persoa, un voto, Circunscricións autonómicas nos comicios estatais e europeos.
288. Artellar o voto electrónico para as persoas residentes ausentes.
289. Limitación de mandatos por Lei.
290. Eliminación dos aforamentos
291. Regular os procesos de participación cidadá e consulta. As decisións deben ser adoptadas polos representantes do pobo, nin os grandes intereses financeiros, nin os grandes poderes deben estar por riba da democracia.
292. Eliminar as trabas da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP).
293. Regulación da obriga de facer pública toda a axenda institucional dos cargos públicos electos e de designación política. Regulación dos lobbies.
294. Posibilidade de revogación dos cargos públicos.
295. Consulta cidadá na participación das Forzas Armadas en intervencións internacionais.
296. Promover un marco xurídico internacional para reestruturar a débeda soberana.

Por unha xustiza xusta accesible a todas

297. Modificar o Código Penal para recuperar o dereito de reunión pacífica e liberdade de expresión. Anulación da Lei de Amnistía de 1977, cumprindo as recomendacións da ONU.
298. Novo sistema de nomeamento do Tribunal Constitucional con participación efectiva das Comunidades Autónomas
299. Autonomía orgánica e funcional da Fiscalía.
300. Eliminación dos privilexios procesuais.
301. Derrogación dos delitos de pensamento do Código Penal (ofensas á relixión, injurias ao rei...) de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.
302. Introducción de criterios de progresividade nas multas e sancións á renda das persoas. Rematar coa imposición de taxas que discriminan e impiden o acceso á xustiza en condicións de igualdade.
303. Conversión dos Xulgados de Violencia sobre a Muller en exclusivos en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra para dar unha resposta eficiente e especializada e eficaz.
304. Novo xulgado do social en Lugo.
305. Nova lei de xustiza, verdade e reparación en materia de memoria histórica.
306. Impulso as políticas de recuperación da Memoria e financiación para un enterro digno das vítimas de guerra e do horror franquista.
307. Auditoría das propiedades da familia Franco e recuperación para o uso público dos bens inmoables e obras de arte obxecto de espolio.
308. Incorporación do Pazo de Meiras ao patrimonio público debe ser para o seu destino a uso dotacional público conveniado entres as distintas administracións implicadas (estatal, autonómica e local).
309. Reforma do CGPJ que inclúa na súa elección a pluralidade cidadá.

Democracia cultural e dereito á información

310. IVA cultural reducido. Cumprir co dereito de acceso á cultura. Dereito ao lecer.

- 311. Eximir do canon por préstamo a bibliotecas e entidades culturais.
- 312. Estatuto do/a profesional da cultura.
- 313. Lei da propiedade intelectual. Software libre e open data.
- 314. Internacionalización da(s) cultura(s). Alentar a diversidade cultural e potenciar as culturas e linguas minorizadas. Cultura dixital como medio de coñecemento, información, formación e educación.
- 315. Asunción efectiva do carácter plurinacional e plurilingüístico do Estado. De xeito consecuente o Estado integrará esta concepción básica na súa política cultural, de comunicación e acción exterior.
- 316. Medios de comunicación públicos independentes e de calidade (RTVE). Control e redución da publicidade institucional nos medios de comunicación de modo que non reforce aos monopolios xornalísticos.
- 317. Eliminación de subvencións aos medios de comunicación que poidan convertese nunha barreira de entrada para a aparición de novos medios independentes.
- 318. Concesión de novas autorizacións de canais garantindo a pluralidade e a competencia.
- 319. Plan de dinamización económica, turística e de protección patrimonial das rutas xacobeas.

d) Soberanía cidadá. Plurinacionalidade e modelo de Estado.

Un novo modelo de Estado desde Galicia

- 320. Garantía constitucional de dereitos sociais. Blindaxe pública das pensións.
- 321. Incorporación de novos dereitos e liberdades ao marco constitucional.
- 322. Supresión dos marcos provinciais no tocante a deputacións.
- 323. Garantir que o modelo de financiamento respecte a equidade, xustiza e solidariedade interterritorial, que recolla toda a complexidade nos custos dos servizos para garantir a igualdade: no caso galego inclusión dos factores de dispersión e envellecemento.
- 324. Nova lei sobre financiamento autonómica e local. Reforzar a prestación de servizos públicos básicos. Supresión das deputacións provinciais, distribuíndo as competencias entre municipios e Comunidades Autónomas.

- Creación dun marco facilitador dos procesos de cooperación intermunicipais ou en áreas metropolitanas.
325. Reclamar competencias en materia de portos, aeroportos, ordenación do litoral, sector pesqueiro, confederación hidrográfica, parques nacionais, regulación e xestión das bolsas de estudo.
 326. Efectivizar as transferencias pendentes por parte do Estado para o desenvolvemento do Estatuto de Autonomía de Galicia. Reactivar a Comisión Mixta de Transferencias e a Comisión Bilateral de Cooperación do Estado coa Comunidade Autónoma galega. Viabilizar transferencias pendentes referidas a : AP-9, inspección de traballo, transferencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria, portos de interese xeral do Estado, salvamento marítimo, sanidade penitenciaria, etc.
 327. Participación de Galicia nas empresas públicas do Estado (SEPI, Navantia, ADIF...).

Tomar o mando no Estado Plurinacionalidade e pluriculturalismo

328. Recoñecemento do carácter plurinacional do estado.
329. Definición de mecanismos de codecisión no Estado que permitan harmonizar as decisións de parlamentos e gobernos que nos afectan.
330. Regulación do dereito a decidir no marco do recoñecemento da autodeterminación.
331. Establecemento de mecanismos bilaterais co Estado sobre os temas de interese para o País
332. Promover a agrupación de servizos da Administración Central (costas, tráfico...) para unha mellor atención á cidadanía. Eliminación de duplicidades administrativas.
333. Incorporar a pluralidade cultural e lingüística nas institucións do Estado.
334. Todas as televisións autonómicas deberían poderse ver en todos os territorios do estado (favorecer o plurilinguismo).
335. Substitución do Senado actual por unha cámara de representación territorial efectiva, ligando a súa renovación ás eleccións autonómicas.

e) **Política exterior.**

**Política de paz, xustiza global
e cooperación para o desenvolvemento**

- 336. Participación de Galicia nas decisións que lle afectan, nomeadamente no referente a Unión Europea.
- 337. Reestruturar as institucións de promoción de Estado español no exterior para integrar a pluralidade lingüística e cultural.
- 338. Cobertura do Estado á acción exterior galega: Rexión europea. Galicia, como nexa Hispano e Luso. Comunidade exterior. Acción estratéxica.
- 339. Oposición ao TTIP e TLC`s.
- 340. Promover o bloqueo efectivo dos paraísos fiscais.
- 341. A nivel do Estado, En Marea defenderá, como marco xeral, dar peso, fronte a alianzas belicistas, a dispositivos de diplomacia e fomento de liberdades de ámbito europeo e internacional.
- 342. No ámbito da política internacional a opinión da cidadanía galega debe estar tamén no centro. As operacións militares internacionais deberán ser consultadas á cidadanía. Tamén a posición xeo-estratéxica na OTAN ou en calquera alianza internacional á marxe da ONU.
- 343. Esixencia do cumprimento das resolucións de Nacións Unidas sobre o Sáhara Occidental e Palestina. Apoio ao recoñecemento do Estado Palestino e ao proceso de autodeterminación no Sáhara Occidental.
- 344. Adopción de medidas contra as empresas que colaboren na vulneración de dereitos humanos, incluída a deportación de migrantes.
- 345. Promoción da xustiza internacional e a seguridade.
- 346. Taxa Tobin ás transaccións financeiras.
- 347. Promover o 0,7% do gasto en axuda oficial ao desenvolvemento.
- 348. Reforzamento da capacidade de Galicia para ter relacións exteriores de solidariedade, comerciais e coas comunidades galegas no mundo. Supresión das medidas de control estatal restritivas da actividade exterior propia.
- 349. Rematar coas prácticas clientelares na relación coa comunidade galega no mundo.